



CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 11 de setembro de 2026, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 5/2026, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de DOUS CENTOS CINCUENTA E CATRO MIL EUROS (254.000,00 €), cuarto de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 14 de setembro de 2026.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 2474

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 11/09/2026, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplemento de crédito (MC 20/2026 SC 02/2026) por importe de 39.052,67 euros, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 14 de setembro de 2026.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2475

Anuncio

Por acordo do Pleno desta entidade, en sesión ordinaria celebrada en data 11-09-2026, aprobouse coma denominación do vial que dá acceso a Fondo de Vila do casco histórico do municipio de Folgoso do Courel, na parroquia e núcleo do mesmo nome, capitalidade municipal, rúa Sandra Rodrigo Balboa (Referencia catastral: 27017A03509902), abríndose un período de información pública de vinte días a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello. De non producirse alegacións nin reclamacións no prazo indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado.

Folgoso do Courel, 14 de setembro de 2026.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2476

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 11 de setembro de 2026, aprobáronse as liquidacións dos recibos de subministro de auga, depuración e saneamento e o Padrón das taxas recollida lixo e canon de auga para o 4º bimestre de 2026, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o

seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 30 setembro de 2026 e o 30 de novembro de 2026.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 11 de setembro de 2026.- O alcalde en funcións, Ángel Fernández Neira.

R. 2477

LÁNCARA

Anuncio

O decreto de alcaldía nº 305 de 14.09.2026 do Concello de Láncara nomea funcionaria de carreira, unha vez concluído o procedemento selectivo, a dona Silvia Castro López, titular do DNI **5369***, na praza de auxiliar administrativo correspondente á oferta de emprego público de 2024 (convocatoria no BOE nº 309 de 24.12.2025).

O que se fai público aos efectos do artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e do artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Provisional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Láncara, 15 de setembro de 2026.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 2478

MONTERROSO

Anuncio

Resolución de Alcaldía núm. 952 de data 08/09/26 do Concello de Monterroso pola que se procede á convocatoria de poxa para alleamento de ben patrimonial.

De conformidade coa Resolución de Alcaldía de data 08/09/26, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria da poxa para o alleamento dun ben inmovible no Lg de Goimil, parroquia de Sucasro (Monterroso), conforme aos seguintes datos:

1. Descrición do ben ou dereito, ou do lote de bens obxecto de venda:

Referencia catastral	27032A053002580001AM
Localización	Lugar de Goimil – Parroquia de Sucasro nº 49, Monterroso (Lugo)
Clase:	Urbano
Superficie:	Parcela de 128 m² e superficie construída catastral de 206 m²
Coeficiente:	100 % de titularidade municipal (Concello de Monterroso)
Uso:	Residencial (sen uso efectivo na actualidade)
Ano de Construción:	1900

Linderos:	Os reflectidos no Catastro Inmobiliario
Título de adquisición:	Titularidade municipal acreditada mediante escritura de compra-venta número novecentos once de cinco de outubro de dous mil dez outorgada ante o notario D Faustino Rodríguez-Segade Vázquez; non consta inscrición rexistral.
Cargas ou gravames:	Non constan
Destino do ben:	Ben patrimonial municipal, non afecto a uso nin servizo público
Estado de conservación:	Edificación tradicional en estado de ruína construtiva, conservando muros de mampostería parcialmente aproveitables.
Outras circunstancias relevantes:	Inmable situado en núcleo rural consolidado; calquera actuación futura require intervención integral. O inmable non ten garantía de habitabilidade nin de estabilidade.

2. O prazo para a presentación de ofertas será de dez días desde o día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio.

A presentación das ofertas realizarase a través da sede electrónica do Concello [dirección <https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>].

Na presentación electrónica de ofertas os licitadores achegarán os seus documentos en formato electrónico, autenticados mediante firma electrónica utilizando un dos certificados recoñecidos incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación» establecidos en España. Se non dispuxesen dos documentos no devandito formato, porque foron emitidos orixinalmente en soporte papel, achegarán copias dixitalizadas.

O órgano competente solicitará doutros órganos e rexistros das Administracións e entidades públicas a consulta e transmisión electrónica de datos e documentos que se requiran referentes á capacidade e solvencia dos licitadores, salvo que conste a súa oposición expresa.

No caso de que concorresen persoas non obrigadas a relacionarse coa Administración por medios electrónicos, de acordo co artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e opten pola presentación física da súa proposición, poderán facelo na oficina de asistencia en materia de rexistros sita no Concello de Monterroso (Plaza de Galicia, 1) no seu horario de atención ao público, 8:30 a 14:30 horas.

3. Nos dez días hábiles seguintes á conclusión do prazo de admisión das posturas, constituirase a mesa de valoración, a data será publicada no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica [dirección <https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>].

4. O tipo da poxa é en sobre pechado.

5. O prego de condicións particulares atópase a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso sito na sede electrónica do Concello [dirección <https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>].

Monterroso, 14 de setembro de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2479

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA.- SAF XULLO 2026

Por Resolución de Alcaldía núm. 2026-0295, de data 28.08.2026, procedeuse á aprobación do Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado polos/as interesados/as nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello e presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva, en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

A Pobra do Brollón, 28 de agosto de 2026.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 2480

A RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/259, de data 11 de setembro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de agosto de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

A Ribeira de Piquín, 11 de setembro de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 2481

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/260, de data 11 de setembro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de agosto de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados, a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

A Ribeira de Piquín, 11 de setembro de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 2482

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 16 de xuño de 2026, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de maio de 2026 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes serán lles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos serán lles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 16 de xuño de 2026.- O alcalde-presidente, José Jesús Novo Martínez.

R. 2483

XOVE

Anuncio

Por Decretos de Alcaldía nº 2026-1214 e 2026-1215 de data 27 de agosto de 2026, aprobáronse inicialmente os Padróns do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades de Libre Concorrenza e Dependencia, respectivamente, correspondentes ao mes de xullo de 2026.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 03 de setembro de 2026 ata 03 de novembro de 2026; o ingreso efectuarase mediante domiciliación bancaria tal e como se establece no artigo 7 do vixente Acordo Regulador.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 28 de agosto de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2484

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía núm. 2026-1291 de data 14 de setembro de 2026, aprobouse o Padrón do Prezo Público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre (xovesperta) correspondente á mensualidade de setembro de 2026.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 21 de setembro de 2026 ata 20 de novembro de 2026; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público, tal e como dispón o artigo 6 do Acordo Regulador pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre do Concello de Xove.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 14 de setembro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2485

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - BEGONTE

Anuncio

Extracto da Resolución da Alcaldía do 15 de setembro de 2026 polo que se aproban as Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas para a material escolar e libros ESO (IES RÁBADE) para o curso 2026-2027.

BDNS (Identif.): 929581

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/929581>)

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das axudas convocadas, os alumnos matriculados no CEIP Virxe do Corpiño de Begonte, no curso escolar 2026-2027, estean ou non empadroados no municipio.

Para estes efectos, os alumnos de Educación Infantil e Primaria de Saavedra e Uriz, escolarizados en Rábade, considéranse matriculados ou, no seu caso, procedentes do Colexio Público de Begonte.

Tamén terán a consideración de beneficiarios os alumnos empadroados en Begonte que cursen estudos no IES Río Miño de Rábade ou noutros centros educativos públicos ou concertados, no curso académico 2026-2027.

Segundo. Finalidade:

É obxecto destas bases a regulación da convocatoria de axudas do Concello de Begonte, para a escolarización na etapa obrigatoria para o curso 2026-2027.

Terceiro. Bases reguladoras:

Resolución da Alcaldía, de 15 de setembro de 2026.

Cuarto. Importe:

Axudas cunha/unha contía de ata 150,00 € cada unha para educación infantil e primaria, para os cursos de 1.º, 2.º, 3.º e 4.º da ESO para material escolar e excepcionalmente para libros de texto dos cursos 1.º, 2.º, 3.º e 4.º da ESO do instituto IES Río Miño de Rábade (implantaron E-Dixgal).

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

30 días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Lugo

Begonte, 15 de setembro de 2026.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2486

Anuncio

Extracto da Resolución da Alcaldía do 15 de setembro de 2026 polo que se aproban as Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas para transporte escolar durante o curso 2026-2027

BDNS (Identif.): 929589

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/929589>)

Primeiro. Beneficiarios:

Teñen a condición de beneficiarios os estudantes que cumpran os requisitos que se indican a continuación:

a) Estar empadroado no Concello de Begonte durante a totalidade do curso lectivo.

b) Estar matriculado, e asistir a clase regularmente, no curso académico 2026-2027 en algún dos seguintes estudos:

Bacharelato

Ciclos formativos de grao medio e superior.

Estudos universitarios.

Quedan excluídos aqueles alumnos que dispoñan de transporte público gratuito para o desprazamento ao centro educativo.

c) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual non superior a 12.000,00€.

d) Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co concello de Begonte, coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social.

No suposto de estudantes menores de idade, terá a condición de beneficiario o pai, nai ou titor do mesmo.

Segundo. Finalidade:

Pretende apoiar, durante o curso escolar 2026-2027, aos estudantes que cursen estudos de Bacharelato, Ciclos Formativos de grao medio e superior, ou ensinanzas universitarios, co fin de contribuír, na medida do posible, a paliar o gasto diario ou semanal, que os xoves estudantes teñen como consecuencia do seu traslado a outras localidades para cursar os referidos estudos.

Terceiro. Bases reguladoras:

Resolución da Alcaldía, de 15 de setembro de 2026.

Cuarto. Importe:

Os importes das axudas de transporte, por alumno e curso determinaranse en función da distancia entre a vivenda e o centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

DISTANCIA EN KM	IMPORTE
HASTA 50 KM	200,00 €
MÁS DE 50 KM	400,00 €

No caso en que as solicitudes admitidas excedan o crédito dispoñible, este ratearase entre todas elas.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

30 días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Lugo.

Begonte, 15 de setembro de 2026.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2487